

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DA SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A CREAMENTO DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Proceso selectivo: Creación dunha lista de contratación de Auxiliares para o Servizo de axuda no fogar do Concello de Rianxo.

No “Centro Socio Cultural – Auditorio” de Rianxo, ás nove horas, do día 07 de xuño de 2013, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a creación dunha bolsa de contratación temporal de Auxiliares para o Servizo de axuda no fogar do Concello de Rianxo, segundo as bases e Tribunal aprobados respectivamente polas Resolución da Alcaldía núm. 113/2013, do 14 de marzo de 2013 e Resolución da Alcaldía núm. 252/2013, do 04 de xuño de 2013, coa seguinte composición:

Presidenta: Rita Rey Somoza, Traballadora social do Concello de Rianxo

Vogal: María Jesús Suárez Crespo, Mestra de educación de adultos do Concello de Rianxo

Vogal: María José Fungueiriño Tubio, A.E.D.L. do Concello de Rianxo

Secretaria: Mauricia Ces Quintáns, funcionaria do Concello de Rianxo

A presidenta constitúe o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 15 de marzo de 2013 publícase nos dous diarios de maior difusión da Comarca a convocatoria de creación da antedita bolsa de contratación de persoal.

Segundo: o prazo para a presentación de candidaturas foi de cinco días hábiles tal e como establecen as bases e rematou o día 21/03/2013.

Despois disto realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se realiza a dita proba. A listaxe de persoas admitidas incluía a 30, das que só se presentan 18 e quedan excluídas do proceso nese momento as restantes (12 persoas non presentadas).

Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se van desenvolver as probas tanto de coñecementos do posto coma de galego; tamén se lles informa de que a listaxe das persoas que superen as probas se publicara no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal e que, do mesmo xeito, se lle informará da data e hora da realización das entrevistas para as persoas que superen as probas.

A continuación, ás 09:50 h, o Tribunal comproba de entre as persoas presentadas, as dúas que deberán realizar as probas de galego e dáse comezo á proba de coñecemento, que remata ás 10:30 horas.

Ás 10:35 horas iníciase a proba de galego, conforme ao establecido nas bases, que remata ás 11:00 horas.

Finalizadas as dúas probas previstas para o día de hoxe, o tribunal reúne para a corrección dos exercicios, co resultado que a seguir se relaciona no cadro:

Núm.	CANDIDATO/A	Resultado
1	Ageitos Santos, Manuela	Supera as probas
2	Barbeito Pose, Patricia	Supera as probas
3	Batalla Rey, Tamara	Supera as probas
4	Cabanas Chao, Jesusa	Supera as probas
5	Cespón Pérez, María Otilia	Supera as probas
6	Figueira Rial, Marta	Supera as probas
7	Figueiro Docabo, Ana Cristina	Supera as probas
8	Franco Vidal, María del Carmen	Supera as probas
9	Frieiro Suárez, Rosario	Supera as probas
10	González Ordóñez, M ^a Carmen	Supera as probas
11	Magallanes Torrado, Olga María	Supera as probas
12	Miguéns Rois, María Gracia	Supera as probas
13	Ordóñez Dasilva, María del Consuelo	Supera as probas
14	Rial Blanco, María Isabel	Supera as probas
15	Romero Cubela, María José	Supera as probas
16	Santamaría Rego, M ^a Isolina	Supera as probas
17	Silva García, Carlos Gustavo	Supera as probas
18	Triñanes Rivas, Soraya	Supera as probas

As persoas incluídas na listaxe anterior deberán presentarse o día **14/06/2013, ás 12:30 horas, no Centro Sociocultural-Auditorio de Rianxo** para a realización das entrevistas persoais e a declaración responsable da situación socioeconómica.

Ás 14:00 horas a Presidenta do tribunal remata a sesión e eu redacto, como Secretaria, esta acta que será asinada por todos os membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello e na Páxina Web municipal.